



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

METEOGALICIA
Anuario de raios 2011

DATOS METEOROLÓXICOS 2011

RAIOS



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	RAIOS REXISTRADOS DURANTE O ANO 2011.....	3

Data edición: 11/01/2012



1 INTRODUCCIÓN

MeteoGalicia conta dende finais de 2009 cun sistema operativo de detección de descargas eléctricas nube-terra que permite a monitorización de treboadas en tempo real. O sistema permite tamén estimar as posibles evolucións a moi curto prazo (*nowcasting*) destes fenómenos.


A rede está composta por catro detectores de raios, un en cada provincia da Comunidade e máis concretamente en Alto do Rodicio (Ourense), Castro Ribeiras de Lea (Lugo), Mabegondo (A Coruña) y Vigo Campus (Pontevedra).



A precisión na localización dos raios nube-terra en Galicia é da orde de 500 m e unha capacidade de detección superior ao 90%.

Para máis información consultar en:

http://www.meteogalicia.es/observacion/raios/raios.action?request_locale=gl





2 RAIOS REXISTRADOS DURANTE O ANO 2011

Durante o ano 2011 detectáronse sobre Galicia 24.190 distribuídos en 75 de treboada. A media anual de raios en cada día de treboada é de 323. Na táboa 1 móstrase a distribución por meses do número de día, o número de raios, os raios/día e as datas de ocorrencia en cada mes.

Mes	Nº Días	Nº Raios	Nº Raios/Día	Datas do mes con treboada																										
Ene	6	218	36	5	6	7	27	28	29																					
Feb	6	1330	222	13	14	15	16	17	20																					
Mar	6	150	25	4	11	23	24	25	26																					
Abr	10	4599	460	2	17	18	19	20	21	23	28	29	30																	
May	18	11645	647	1	2	6	11	12	13	18	19	20	21	22	23	24	25	27	28	29	30									
Jun	5	3632	726	4	5	6	26	27																						
Jul	2	359	180	3	12																									
Ago	8	1477	185	1	2	14	20	21	22	30	31																			
Sep	3	342	114	14	15	29																								
Oct	4	200	50	24	25	26	27																							
Nov	5	226	45	2	3	4	13	22																						
Dic	2	12	6	2	14																									
Total	75	24190	323	Táboa 1																										

Na figura 1 móstrase a evolución dos días de tormenta ao longo do ano. O maior número concéntrase en primavera, especialmente en abril e maio con case un 40% do total de días. Ségueno en número o mes de agosto con 8 días.




Figura 1. Número de días de treboada no ano 2011 en Galicia.



Na figura 2 móstrase o número de raios por mes en Galicia. Durante os meses de abril, maio e xuño rexistráronse o 82% do total de raios anuais. Houbo 2 días no ano no que se rexistraron máis de 2000 de raios: o 6 de maio (2508 raios) e o 29 de maio (2709 raios).




Figura 2. Número de raios no ano 2011 en Galicia.

Tendo en conta a distribución por provincia (ver figura 3), o maior número de raios rexistrouse sobre Lugo (8.869), logo sobre Ourense (8.730), séguelle A Coruña (4.019) e finalmente Pontevedra con 2.572.




Figura 3. Distribución de raios por provincia.



Na figura 4 móstrase a distribución por concello do número de días de treboada. Na provincia da Coruña o concello con maior número de días é Vimianzo (11), en Lugo Cervantes e Quiroga con 16, en Ourense A Veiga con 18 e en Pontevedra Forcarei con 14.




Figura 4. Número de días de treboada en 2011 por concello.



Tendo en conta o número de raios rexistrados en cada concello e a súa superficie, calculouse a densidade (raios/km²) en 2011 (figura 5). Na provincia da Coruña o concello con maior densidade é As Somozas, con 2.1. En Lugo Antas de Ulla con 3.0, en Ourense A Merca con 3.0 e en Pontevedra Rodeiro con 1.9.




Figura 5. Densidade de raios en 2011.